

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9807 *Real decreto 818/2015, do 11 de setembro, polo que se modifican os anexos I e II do Real decreto 1113/2006, do 29 de setembro, polo que se aproban as normas de calidade para queixos e queixos fundidos, e polo que se modifica a disposición transitoria segunda do Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, polo que se aproba a norma de calidade para a carne, o xamón, a paleta e o lombo embuchado ibérico.*

O Real decreto 1113/2006, do 29 de setembro, polo que se aproban as normas de calidade para queixos e queixos fundidos, constitúe a normativa básica que rexe en España sobre estes produtos e establece, nos anexos I e II, respectivamente, os requisitos de calidade para a súa elaboración e comercialización.

No tempo transcorrido desde a aprobación do dito real decreto producíronse cambios na normativa alimentaria da Unión Europea, tamén de carácter tecnolóxico, que aconsellan introducir unha serie de modificacións nas citadas normas de calidade, con obxecto de adaptalas á situación actual.

Para unha maior claridade da información alimentaria facilitada ao consumidor, é oportuno suprimir as denominacións facultativas dos queixos segundo o contido de materia graxa previstas nas citadas normas de calidade, con obxecto de que as declaracións de índole benéfica sobre o contido ou ausencia de graxa que se poidan efectuar na etiquetaxe destes produtos se realicen conforme as normas do Regulamento (CE) n.º 1924/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, relativo ás declaracións nutricionais e de propiedades saudables nos alimentos.

Por outra parte, en liña coa norma xeral do «Codex Alimentarius» para o queixo, é necesario incorporar, como posibles ingredientes facultativos dos queixos, as materias obtidas do leite, entre as que se encontran as caseínas e caseinatos, tecnoloxicamente necesarios para a elaboración de determinados tipos de queixos.

Ao propio tempo, cómpre adaptar o relativo ao tratamento con fume e, en xeral, suprimir as referencias a aditivos alimentarios das citadas normas de calidade, dada a harmonización destas materias na Unión Europea.

Ademais, tal e como prevía a anterior norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, a etiquetaxe dos queixos, en todos os casos, salvo a venda fraccionada, debía cumprir os requisitos de información obrigatoria da etiquetaxe que rexían, nese momento, para os produtos envasados, e é oportuno asegurar que este criterio se aplica, de forma equivalente, coa actual normativa comunitaria sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor.

Neste sentido e con obxecto de lograr a necesaria transparencia de mercado, a etiquetaxe dos queixos que se comercialicen en pezas enteiras coa etiqueta directamente adherida á codia e que, por tanto, non están estritamente recubertos por un envase, deberá cumprir os mesmos requirimentos de información alimentaria establecidos para os produtos envasados no Regulamento (UE) n.º 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información alimentaria facilitada ao consumidor e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1924/2006 e (CE) n.º 1925/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se derrogan a Directiva 87/250/CEE da Comisión, a Directiva 90/496/CEE do Consello, a Directiva 1999/10/CE da Comisión, a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, as directivas 2002/67/CE e 2008/5/CE da Comisión, e o Regulamento (CE) n.º 608/2004 da Comisión, excepto a mención da información nutricional que será obrigatoria para os queixos envasados, a partir do 13 de

decembro de 2016, e outras excepcións que poidan ser de aplicación aos produtos sen envasar.

Pola súa parte, a información alimentaria dos queixos que se envasen no lugar de venda rexeráse polo disposto no Real decreto 126/2015, do 27 de febreiro, polo que se aproba a norma xeral relativa á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, dos envasados nos lugares de venda, por petición do comprador e dos envasados polos titulares do comercio a retalho.

En consecuencia, é pertinente modificar os anexos I e II do Real decreto 1113/2006, do 29 de setembro, polo que se aproban as normas de calidade para queixos e queixos fundidos, con obxecto de dar resposta a cuestións técnicas que o aconsellan, ademais da súa adecuación á lexislación alimentaria da Unión Europea, e co fin de proporcionar unha información adecuada aos consumidores e favorecer a competitividade do sector.

No proceso de elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados e emitiu informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

A presente disposición foi sometida ao procedemento previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora esta directiva ao ordenamento xurídico español.

Adicionalmente e unha vez consultados o sector e as comunidades autónomas, neste real decreto inclúese unha disposición derradeira que modifica o Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, polo que se aproba a norma de calidade para a carne, o xamón, a paleta e o lombo embuchado ibérico, cuxo artigo 3 prevé que os animais reprodutores ibéricos e Duroc estean inscritos no seu correspondente libro xenealóxico. Para a adaptación respecto ás características raciais outorgouse un período transitorio de 2 anos pero, transcorrida unha parte importante do dito período transitorio, o sector está tendo unha adaptación máis lenta do previsto en relación cos reprodutores Duroc, polo que se fai necesario modificar a redacción da disposición transitoria segunda do citado real decreto e ampliar o período transitorio para os machos Duroc a catro anos.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado e logo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de setembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do anexo I do Real decreto 1113/2006, do 29 de setembro, polo que se aproban as normas de calidade para queixos e queixos fundidos.*

O anexo I, norma de calidade para os queixos, do Real decreto 1113/2006, do 29 de setembro, polo que se aproban as normas de calidade para queixos e queixos fundidos, queda modificado como segue:

Un. Suprímese o número 2.3.

Dous. Engádesse no número 3.2 un novo subnúmero 3.2.7, que queda redactado do seguinte modo:

«3.2.7. Outros produtos obtidos do leite e que sexan propios da súa composición, incluídos a caseína e os caseinatos, sempre que a relación entre a caseína e as proteínas séricas sexa igual ou superior á do leite.»

Tres. Suprímese o número 4.

Catro. O número 5 queda redactado da seguinte forma:

«5. Recubrimento e tratamento de superficie:

a) Para o recubrimento dos queixos poderanse usar outros ingredientes utilizados en alimentación humana ou, se for o caso, autorizados de conformidade co Regulamento (CE) n.º 258/97 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro de 1997, sobre novos alimentos e novos ingredientes alimentarios.

b) Poderanse afumar de xeito tradicional mediante fume procedente da combustión da madeira aplicado directamente na superficie.

c) Exclusivamente para queixos madurados, no tratamento da codia poderanse utilizar ceras, parafinas, materiais poliméricos con ou sen colorantes, aceites minerais especialmente preparados e outros materiais autorizados para tal fin.»

Cinco. Modifícase o primeiro parágrafo do número 7, que queda redactado como segue:

«Sen prexuízo do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa relativa á información alimentaria facilitada ao consumidor, a etiquetaxe dos queixos axustarase, ademais, ás especificacións que se indican nos seguintes puntos.

A etiquetaxe dos queixos que se comercialicen en pezas enteiras coa etiqueta directamente adherida á codia e sen recubrir por un envase cumprirá os mesmos requisitos que os exixidos aos queixos envasados, a excepción da mención da información nutricional obrigatoria, sen prexuízo das obrigacións derivadas do Regulamento (CE) 1924/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de decembro de 2006.»

Seis. Suprímese o segundo parágrafo do número 7.3.

Sete. Engádese no número 7 un novo subnúmero 7.4, que queda redactado como segue:

«7.4. A etiquetaxe dos produtos definidos nesta norma, ademais das declaracións nutricionais acordadas co Regulamento (CE) n.º 1924/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, relativo ás declaracións nutricionais e de propiedades saudables nos alimentos, poderá incluír, facultativamente, as mencións graxo e extragraxo, de acordo coas seguintes condicións:

Graxo: cando o queixo conteña un mínimo de 45 e menos de 60 por cento de materia graxa sobre o extracto seco total.

Extragraxo: cando o queixo conteña un mínimo de 60 por cento de materia graxa sobre o extracto seco total.»

Artigo segundo. *Modificación do anexo II do Real decreto 1113/2006, do 29 de setembro, polo que se aproban as normas de calidade para queixos e queixos fundidos.*

O anexo II do Real decreto 1113/2006, do 29 de setembro, polo que se aproban as normas de calidade para queixos e queixos fundidos, queda modificado como segue:

Un. Suprímese o número 2.1.

Dous. Suprímese o número 4.

Tres. Suprímese o segundo parágrafo do número 6.2.

Catro. Modifícase o primeiro parágrafo do número 6, que queda redactado como segue:

«Sen prexuízo do cumprimento dos requisitos establecidos na normativa relativa á información alimentaria facilitada ao consumidor, a etiquetaxe dos queixos fundidos axustarase, ademais, ás especificacións que se indican nos seguintes números.»

Cinco. Engádesse no número 6 un novo subnúmero 6.3, que queda redactado como segue:

«6.3 A etiquetaxe dos produtos definidos nesta norma, ademais das declaracións nutricionais acordos co Regulamento (CE) 1924/2006, do 20 de decembro de 2006, relativo ás declaracións nutricionais e de propiedades saudables nos alimentos, poderá incluír, facultativamente, as mencións graxo e extragraxo, de acordo coas seguintes condicións:

Graxo: cando o queixo conteña un mínimo de 45 e menos de 60 por cento de materia graxa sobre o extracto seco total.

Extragraxo: cando o queixo conteña un mínimo de 60 por cento de materia graxa sobre o extracto seco total.»

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización de produtos.*

Os produtos fabricados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto que non se axusten ao disposto nel poderán seguir comercializándose até esgotar existencias, sempre que cumpran coas disposicións vixentes naquel momento.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 4/2014, do 10 de xaneiro, polo que se aproba a norma de calidade da carne, o xamón, a paleta e o lombo embuchado ibérico.*

Modifícase a disposición transitoria segunda. Prazos de adaptación á nova norma respecto das características raciais, que queda coa seguinte redacción:

«Sen prexuízo do establecido na disposición derogatoria, con obxecto de facilitar o cumprimento do previsto na presente norma respecto das características raciais dos animais e do procedemento para a súa certificación, establécese un prazo transitorio para que os reprodutores acollidos ao Real decreto 1469/2007 se axusten ao presente real decreto, que será de dous anos para os reprodutores ibéricos e de catro anos para os reprodutores Duroc. En calquera caso, os novos reprodutores ibéricos que, a partir da publicación desta norma, se incorporen ás explotacións deberán cumprir os mencionados requisitos raciais.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de setembro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN